

Acta núm. 33/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 17 de novembro de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
María Rosa Romero Fariña.
Non asiste: Sandy Marie Cebal Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 17 de novembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 32/2020, DO 10.11.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 32/2020, DO 10.11.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 10.11.2020, acta núm. 32/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NOELIA REY FAJÍN, na que comunica que vai construír un peche nunhas parcelas sitas no Cabo, Os Ánxeles, de 24 metros lineais aproximadamente, con postes e arame e lindando coa vía pública.

As parcelas nas que se vai a construír o peche (referencias catastrais núm. 7549108NH2474N0001J e 7549109NH2474N0001MJ) atópanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- A altura máxima do peche será de 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo.
- .- O peche situarase mínimo a 5,5 m. do eixo do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,30 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 101,87 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JORGE LUIS ROJAS ARGOTE, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Coruxido 6, Bastavales, substituindo as tellas en mal estado por tellas novas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 7502225NH2470S0001AE) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de

núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 69,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 133,97 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN NIETO ÁLVAREZ, na que comunica que vai construír un peche de parcela en San Salvador 1, San Salvador, de 50 metros de lonxitude aproximadamente, no linde oeste da parcela, sen estar en contacto coa vía pública e farase con zócalo de fábrica e arame.

A parcela na que se va executar a obra (referencia catastral núm. 7724504NH2472S0001ZF) atópanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano polo PXOM, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A altura máxima da parte cega do peche será de 1,20 metros e a altura total será de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

.- A parte cega de fábrica deberá ser convenientemente revestida e pintada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 22,85 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 87,42 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS RICOY RIEGO, na que comunica que vai realizar obras de reparación da terraza – xardín, da vivenda da Urbanización Monte Balado 27, baixo A, Os Ánxeles, colocando un pavimento de baldosas, sen modificar a estrutura e sen afectar a elementos comunitarios.

A parcela na que se pretende executar a obra atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 42,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 106,97 euros

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Xavier Liñares Túñez, que di actuar en representación de JUAN MANUEL PÍRIZ JIMÉNEZ, na que comunica que vai executar as seguintes obras na parcela sita en Liñares 62, Brión:

1. Instalar unha piscina descuberta situada a máis de 3 metros dos lindeiros.

2. Construír un peche de parcela da seguinte forma:

.- A parte en contacto coa vía pública executarase con muros de formigón prefabricado ata unha altura de 1,20 m. sobre a rasante do terreo, e unha parte diáfana mediante un entaboadado horizontal de madeira de pino roxo tratado, ata unha altura máxima de 1,80 m., e incorporará un acceso para vehículos con portal corredeira de 5,00 m. de ancho ata a altura total do peche

de 1,80 m. e un acceso peonil de 1,00 m. de ancho coa mesma altura do peche de 1,80 m. O peche situarase a 5,50 m. do eixe do vial, garantindo a superficie de cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local o 20.11.2018.

.- O peche cos lindeiros executarase con un entaboado horizontal de madeira de pino roxo tratado e altura media sobre a rasante do terreo de 1,20 m.

A parcela (referencia catastral núm. 5852815NH2455S00001TA) onde se pretenden facer as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2). Sobre esta parcela estase construíndo unha vivenda que conta con licenza concedida na Xunta de Goberno Local do 20.02.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 385,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 449,97 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Silvia M. Cerneira Montes, que di actuar en representación da FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISIS, na que comunica que vai pavimentar con formigón parte do espazo privado exterior da edificación sita na Rúa Tarrío 3, Brión, aproximadamente 135 m².

A parcela na que se empraza a edificación (referencia catastral nº 6555944NH2465N0001AU) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 4 do PXOM (UNC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 51,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 115,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de MARÍA ROSA RIAL FERNÁNDEZ, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Guitiande 53, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local o 16.11.2017, concedeulle a María Rosa Rial Fernández licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar en Guitiande 53, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/10/2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.07.2020, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.
Total: 96,85 euros.

CUARTO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ MARÍA SANZ PIÑEIRO, na que se solicita prórroga do prazo de remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Coruxido 55, Bastavales.

O 25/10/2017 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza de obra maior a José María Sanz Piñeiro e Josefina Marta Nieto Bengoechea, para construír unha vivenda unifamiliar, en Coruxido 55, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Salgado e Liñares, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29/05/2017 e documentación complementaria visada o 25/09/2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de tres anos contados desde o día de hoxe para o remate das obras, coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González